UD	Título da UD	Duración
9	Límites e continuidade	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de problemas de forma guiada.	PE	95
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade	TI	5
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza aceptando e aprendendo do erro		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Interpretación gráfica. Estimación e cálculo a partir dunha táboa, unha gráfica ou unha expresión alxébrica. - Cálculo de límites nun punto e no infinito de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e trigonométricas. Resolución de indeterminacións. Cálculo de asíntotas. - Concepto de continuidade dunha función nun punto. Estudo da continuidade dunha función graficamente. Aplicación de límites no estudo da continuidade. Tipos de discontinuidades. Interpretación gráfica. Función continua nun conxunto. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Comunicación e organización.

UD	Título da UD	Duración
10	Derivadas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía	PE	95
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade	TI	5
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza aceptando e aprendendo do erro		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Taxa de variación media (TVM) e taxa de variación instantánea (TVI) dunha función. Interpretación da TVM e da TVI en situacións da vida cotiá e en problemas da ciencia e a tecnoloxía.

Contidos

- Derivada dunha función nun punto: definición a partir do estudo do cambio en diferentes contextos. Interpretación xeométrica. Recta tanxente. Utilización da definición de derivada dunha función nun punto para o seu cálculo en casos sinxelos.
- Función derivable nun conxunto. Función derivada. Derivadas sucesivas.
- Funcións derivadas das funcións elementais. A derivada e as operacións con funcións.
- Cálculo de derivadas utilizando lapis e papel en casos sinxelos e ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complexos.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Comunicación e organización.

UD	Título da UD	Duración
11	Aplicacións das derivadas	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifestar unha visión matemática integrada	PE	95
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real		
CA2.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía		
CA2.5 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA4.3 - esolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolver problemas en contextos matemáticos				
CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía				
CA4.5 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema				
CA4.6 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando e creando algoritmos.	Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía				
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de problemas				
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade			TI	5
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza aprendendo do erro				
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante				
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas				
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos				

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Aplicación dos límites, a continuidade e a derivada a situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Relacións e funcións. - Aplicación do cálculo diferencial ao estudo da monotonía, extremos, curvatura e puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas e trigonométricas. - Aplicación do cálculo diferencial á representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Estudo das súas características principais: dominio, simetrías, periodicidade, crecemento, decrecemento, extremos, curvatura, puntos de inflexión e as

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Comunicación e organización. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

UD	Título da UD	Duración
12	Estadística	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos	PE	95
CA2.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía		
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de problemas de forma guiada.		
CA5.2 - Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos		
CA5.3 - Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade	TI	5
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza aceptando e aprendendo do erro		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Organización e análise de datos. - Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos e tecnolóxicos. - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. - Incerteza. - Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e como medida da incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a súa experimentación. - Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto. Axiomática de Kolmogorov. - Inferencia. - Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais con ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.

Contidos

- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Comunicación e organización.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Matemáticas no Bacharelato contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais de cada etapa, tendo en conta o que o alumno é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos, é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Polo tanto, é moi importante contextualizar os aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poidan utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara.

Nestas etapas, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe da ensinanza e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de diferentes materias. Dende todos os bloques hai que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa.

A metodoloxía que imos a utilizar ao longo deste curso asentase nos seguintes principios:

- Motivación: ao alumno hai que atraelo mediante contextos cercanos, presentarlle situacións que entenda e lle resulten significativas.
 - Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a materia.
 - Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática.
 - Aprendizaxe activo e colaborativo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado no seu propio aprendizaxe. Unha metodoloxía activa debe apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través de la resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
 - Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e resolver) calquera lagoa de aprendizaxe.
 - Integración das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste apartado hai que salientar que nos cursos de 1º e 2º de ESO emprégase a plataforma Edixgal e os textos dixitais de xeito cotiá nas sesións de clase
 - Atención a diversidade de capacidades e intereses: isto implica una metodoloxía de ensinanzas na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz. O que implica atender non só a quen mais axuda precisa senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.
- Será preciso traballar con distintas técnicas de aprendizaxe e con materiais que permitan distintos grados de aprofundamento e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar o aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes según as capacidades dos alumnos e as

alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade

Metodoloxía telemática

A través dos cursos que o profesorado do departamento mantén na aula virtual, facilitarase ao alumnado o material necesario para traballar todos os contidos que lle corresponden. A medida que avance a temporalización e segundo o ritmo que indiquen as circunstancias, proporcionarase por esta vía material de teoría, de exercicios e problemas, material audiovisual e aplicacións interactivas coa intención de que se desenvolva a programación cun grao de comprensión e aproveitamento o máis semellante posible ao da situación ordinaria e, se é o caso, complementando a esta.

A interacción e o seguimento do alumnado terá lugar mediante tres vías:

- A videoconferencia grupal ou en titorías individuais, sempre e cando a conexión do alumnado o permita.
- A propia aula virtual mediante entregas de traballos ao profesorado, co correspondente feedback por parte deste.

Tamén se establecen foros nos cursos para comunicacións máis dinámicas.

- O correo electrónico do departamento, (dpto.mates.barral@gmail.com) a través do cal o alumnado pode comunicarse con calquera profesor e preguntarlle dúbidas, recibir noticias ou material didáctico, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador portatil
Proxector
Pizarra vertical de tiza
Aula virtual

Contamos con recursos dixitais via online. Principalmente a aplicación Geogebra que usaremos para gráficas nas partes de análise matemática e trigonometría. Tamén contamos cunha selección de videos de youtube elixidos polo profesorado e enlazados nas distintas unidades didácticas que se expoñen na aula virtual. Nestas unidades tamén está enlazado material online diverso escollido na rede.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Xeralmente consistirán en modelos de exame utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia .

No caso de que sexa posible, por diversos motivos ¿informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase..., ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

Unha vez detectados os problemas de determinados alumnos con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado e procederase en consecuencia ofrecéndolles clases de apoio, adaptacións curriculares, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	9	9	9	9	9	9	9
Proba escrita	85	95	90	95	95	95	95	95	95	95
Táboa de indicadores	15	5	10	5	5	5	5	5	5	5

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	1	100
Proba escrita	95	95	94
Táboa de indicadores	5	5	6

Criterios de cualificación:

Probas escritas: En todas as probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta. Se non figurara, sobreentenderase que todas as preguntas teñen o mesmo valor. Na primeira proba escrita do curso, se informará a todo o alumnado das normas e criterios xerais de corrección que se aplicarán a todas as probas escritas do curso, e que son os seguintes:

- Todas as follas do exame deberán ter nome e estar numeradas.
- Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo azul ou negro. Non se admitirán exames feitos con lapis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación.
- Aínda que o resultado non sexa correcto, pero sí o plantexamento e o desenvolvemento do problema, valorase con ata un 75% da nota da pregunta.
- Se durante a realización dunha proba se observara a un alumno copiar, utilizar o móbil ou calquera dispositivo non autorizado ou interactuar de calquera xeito non autorizado con compañeiros, a cualificación de dita proba será de 0 por parte do alumno infractor.

Sistema de cualificación das probas escritas: A cualificación de calquera proba escrita puntuarase cun número comprendido entre 0 e 10, considerándose aprobado o exame que obtivera unha cualificación de 5 ou superior e suspenso o que obtivera unha cualificación inferior a cinco. A incomparecencia non xustificada dun alumno a unha proba escrita carrexará a cualificación de 0.

Ponderación:

A cualificación de cada proba escrita calcularase segundo a seguinte ponderación:

100% cualificación das preguntas da proba escrita

Realizaranse, como norma xeral, dúas probas escritas por trimestre.

AVALIACIÓNS

Como norma xeral, para superar cada avaliación o alumno deberá ter todos os exames de dita avaliación aprobados, isto é, con cualificación igual ou superior a cinco. A cualificación da avaliación obterase facendo a media das cualificacións dos exames.

Outros casos:

a. O alumno ten exames dunha avaliación suspensos e outros aprobados:

Se nos exames suspensos ten unha cualificación de catro ou superior, a cualificación da avaliación será a media das cualificacións dos exames, considerando a avaliación aprobada cando a media dos exames sexa de 5 ou superior

Se nalgún exame suspenso ten unha cualificación inferior a catro a cualificación da avaliación será un catro, ou a media dos exames se esta é inferior a catro.

b. O alumno ten todos os exames da avaliación suspensos:

A cualificación da avaliación obterase facendo a media das cualificacións dos exames.

PROBA FINAL

A final de curso realizarase unha proba final á que se presentarán aqueles alumnos que teñan exames suspensos e non recuperados ou exames suspensos da terceira avaliación. O alumno só se examinará de aqueles exames que nese momento aínda non teña aprobados. A cualificación desta proba substituirá á dos exames suspensos, agás que fora inferior

CUALIFICACIÓN DA CONVOCATORIA ORDINARIA

Casos:

a. O alumno non precisou presentarse á proba final :

A cualificación será a media das cualificacións de todos os exames de avaliación do curso, substituíndo os suspensos que houbera polas respectivas recuperacións.

b. O alumno ten na proba final unha cualificación de catro ou superior:

A cualificación final calcularase facendo a media entre a da proba final e o resto dos exames aprobados do curso. Considerarase a materia superada cando a media sexa de 5 puntos ou superior

c. O alumno ten na proba final unha cualificación inferior a catro:

A cualificación final será un catro, ou a media dos exames do curso se esta é inferior a catro.

CUALIFICACIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación final ordinaria, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos contidos que se recollen nesta programación.

Para acadar unha avaliación positiva na convocatoria extraordinaria, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5.

Cráterios de recuperación:

RECUPERACIÓNS DAS AVALIACIÓNS

Nas dúas primeiras avaliacións o sistema de recuperación queda como sigue:

Farase unha proba escrita ao comezo da seguinte avaliación onde o alumno poderá recuperar os exames que tivera suspensos.

A nota da avaliación recalculárase tendo en conta que a cualificación da recuperación substitúe á do exame ou exames suspensos, agás que fora inferior a ela.

As avaliacións aprobadas non precisan recuperación, aínda que haxa exames con notas entre catro e cinco.

A terceira avaliación recuperarase na proba final. Só deberán recuperarse os exames que estean suspensos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para facilitar a recuperación da materia pendente na convocatoria ordinaria, os alumnos/as terán as seguintes formas de facelo:

PRIMEIRA FORMA. Aprobar a primeira e segunda avaliación sen utilizar recuperacións, ou ben a convocatoria ordinaria de Matemáticas, do curso no que está matriculado actualmente.

SEGUNDA FORMA. Realizar tres probas escritas parciais eliminatorias, unha por avaliación. Para o alumnado que supere as tres probas escritas (nota igual ou superior a 5), farase a media das tres cualificacións. Os que suspendan algún parcial, poderán recuperalo nun exame final a finais de xuño. Para facilitar a tarefa, o alumnado terá á súa disposición a través da páxina web do centro, como material de traballo, 6 boletíns de exercicios con solución, que comprenden os aspectos máis importantes da materia impartida no curso pasado. Para a súa realización, o alumnado contará coa axuda do profesorado do departamento, que lle resolverá calquera dúbida. As probas escritas estarán compostas de cuestións iguais ou semellantes ás dos boletíns.

TERCEIRA FORMA. Aprobar o exame final da materia pendente que se fará a finais de xuño.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado de bacharelato que non supere a materia pendente de ningún destes tres xeitos poderá presentarse á proba correspondente á convocatoria extraordinaria (neste caso non haberá partes diferenciadas na proba).

O alumnado de bacharelato que supere a convocatoria extraordinaria da materia do curso no que está matriculado, será cualificado na convocatoria extraordinaria da materia pendente polo menos cun 5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade terá dous enfoques por unha parte individual e por outra no grupo.

Diversidade na comprensión

Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.->Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.

Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles->Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.

Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.->Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.

Diversidade na capacitación e desenvolvemento

Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).->Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.

Ten pequenas dificultades.->Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.

Ten dificultades.->Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.

Diversidade de interese e motivación

Mostra un grande interese e motivación.->Seguir potenciando esta motivación e interese.

O seu interese e motivación non destacan.->Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.

Non ten interese nin motivación.->Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementaise próximas á súa realidade.

Diversidade na resolución de problemas

Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.->Seguir fomentando esta capacidade.

Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.->Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.

Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.->Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.

Diversidade na comunicación

Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.->Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.

Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.->Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.

Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.->Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.

Diversidade grupal

A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.->Non se necesitan medidas.

A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.->Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.

A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.->Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.

De interese e motivación

O grupo está motivado e ten grande interese.->Non se necesitan medidas.

Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.->Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.

O grupo non ten interese e está pouco motivado.->Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.

De comportamento e colaboración

O grupo ten bo comportamento e sempre está disposto a realizar as tarefas.->Non se necesitan medidas.

Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.->Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.

O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.->Descubrir as causas do problema e adoptar medidas,

estratexias, etc.

Coas medidas de atención a diversidade téñense en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorécese a capacidade de aprender por sí mesmos e promóvese a aprendizaxe en equipo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12				

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de cálculo:	Unha vez por semana durante a hora de ler farase co alumnado un xogo de preguntas encadeadas de operacións aritméticas para practicar o cálculo mental. O profesorado do departamento prepara unhas fichas e unha aplicación para cubrir online e as traballa co alumnado para mellorar a destreza no cálculo. Esta actividade comeza na primeira avaliación pero se estende ás outras dúas.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas

Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado hai que avaliar os procesos de ensino e a propia práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro. Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados